

Eu, José Lorenzo Alonso Gómez, con DNI 36124871J e contratado Ramón y Cajal (RYC-2012-10364) con finalización de contrato a 12/01/2020 e exercendo as miñas funcións dentro do Departamento de Químico Orgánica da Universidade de Vigo.

expoño que:

o pasado Decembro solicitei traballo remoto ata o 15 de Abril do 2017 e que se me foi concedido. A continuación infórmase das tarefas realizadas no período Decembro 2016 - Abril 2017 e das tarefas planificadas para o período Abril 2017 - Agosto 2017:

- **Proxectos de Excelencia Xunta de Galicia 2016.** Execución científico administrativa da segunda anualidade co iniciación das liñas de investigación UCAs con SBFs e COHCs con SBFs, así como deseño de SBF organometálicos e eixos quirais organometálicos. **Planificación IV/2017-VIII/2017:** rematado xa o traballo relacionado coas UCAs do composto CF-2, preténdese xa finalizar o seguinte paso incorporando SBFs en CF-7. En canto a SBFs organometálicos, os primeiros pasos da síntese do fragmento orgánico están xa finalizados, deste período preténdese conseguir o primeiro Ir-SBF.
- **Proxectos Explora Ciencia.** Realizouse o informe final, a estudante de doutorado do solicitante AO realizou unha estadía na Universidade Complutense de Madrid para a funcionalización de nanopartículas. Realizáronse as medidas de SHG en TUM con éxito e os resultados estanse a plasmar nun artigo que será publicado en breve.
- **Proxecto Retos:** Realizouse a formulación do modelo predicativo de respostas quirópticas (MEC-Model) e presentouse como capítulo 4 da tese doutoral de Silvia Castro Fernández, con avaliación positiva de F. Santoro do CNR, Pisa, Italia. Estase en período final de preparación do artigo cos resultados do DES2 e DES4 presentados como capítulo 3 da tese de Silvia Castro Fernández con avaliación positiva por parte do tribunal. Realizáronse novas estruturas, CF-6 e CF-7 incorporando DES para a funcionalización de superficies, en concreto CF-7 amosa a capacidade para a formación de UCAs. **Planificación IV/2017-VIII/2017:** Concertación con F. Santoro en Munich durante a conferencia CTs17 dunha colaboración con respecto a o Modelo desenrolado, con vista na preparación de artigos científicos para a súa presentación. Continuación do DES e UCAs, con DES. Presentación do manuscrito que recolle os resultados de DES2-DES4 e o traballo que recolle UCAs con CF-2.
- **Proxecto Ramón y Cajal:** Plantexouse unha estratexia inicial a 3 anos para a solicitude dun proxecto nacional en 2017, á espera de que abra o prazo. Plantexouse unha estratexia inicial a 5 anos para a solicitude dun proxecto europeo individual en 2018. Plantexouse unha idea inicial para un proxecto dentro da rede Chiroptics a 40 meses para a súa presentación a un proxecto europeo en outono do presente ano. **Planificación IV/2017-VIII/2017:** Concreción do/s proxectos dentro da rede Chiroptics durante a conferencia CTs17 en Munich entre o 5 e o 8 de Abril do presente ano. Concreción do proxecto a nivel nacional, así como redacción e presentación, se abre o prazo durante o período. Traballar na estratexia a 5 anos dun proxecto europeo individual en 2018.
- **Redes Excelencia:** Coordinación da conferencia Chiroptics 2017 e xestión económica da mesma. Xestión da web da conferencia. Captáronse 4 novos equipos á rede. Preparouse un plantexamento para un proxecto dentro da rede para a súa discusión durante a conferencia co resto de equipos. Presentouse o informe intermedio **Planificación IV/2017-VIII/2017:** Asistencia á conferencia Chiroptics 2017 en Munich do 5 ao 8 de Abril. Presentación da rede as persoas asistentes da conferencia. Procura de novos equipos que complementen a rede. Traballo en equipo para a presentación de un ou máis proxectos europeos dentro da rede.

- **Conferencia internacional Chiroptics 2017:** A web está finalizada coa lista de participantes a abstracts para a conferencia a próxima semana. Conseguiu-se unha participación de c.a. 50 persoas, que era o obxectivo. Dúas das estudantes de doutorado do solicitante presentarán na conferencia o seu traballo. **Planificación IV/2017-VIII/2017:** Presentación da rede as persoas asistentes a conferencia. Procura dun acordo para financiamento dentro da rede. Captación de novos equipos que complementen a rede. Presentación do traballo realizado na UVigo á rede e resto de asistentes.
- **Teses doutorais en fase de redacción:** Teses doutorais de Sandra Míguez Lago e Silvia Castro Fernández entregadas, e exames realizados.
- **Nova tese doutoral con inicio en setembro do 2016:** Seguimento da tese de Ani Özçelik por reunión semanais na UVigo así como videoconferencias esporádicas cando foi preciso. Os resultados da súa primeira parte da tese en Master foron plasmados nun artigo científico que está en finalización. Realizáronse solicitudes para obter financiación para a súa contratación como doutoranda. **Planificación IV/2017-VIII/2017:** seguimento con reunión semanais. Busca de máis financiación para a súa contratación. Envío do traballo relacionado con CF-2 a ACIE. Coordinación do traballo de CF-7. Procura de posibles estadias durante a conferencia Chiroptics 2017.
- **Proxectos Trabajo Fin de Grado:** Corrección traballo fin de grado e guía para o exame en xaneiro de 2017 do estudante Tim van den Nobelen.
- **Equipo de investigación:** coordinouse o equipo de traballo mediante o emprego de correo electrónico, así como videoconferencias regulares e reunión semanais na UVigo. Mantemento da web do grupo realizada. Realizouse saída do grupo da UVigo QO3 e entrada no de Novos Materiais co fin de facilitar un enfoque máis aplicado á investigación desenrolada. **Planificación IV/2017-VIII/2017:** coordinación mediante reunións presenciais cada luns. Mantemento da web.
- **Manuscrito Spiromacrocycles:** Manuscrito en fase de finalización, xa presentado como capítulo 3 da tese de Silvia Castro Fernández. **Planificación IV/2017-VIII/2017:** revisión final do manuscrito e envío a ACIE.
- **Manuscrito MEC-Model:** Xa presentado como capítulo 4 da tese de Silvia Castro Fernández. **Planificación IV/2017-VIII/2017:** Plantexamento da estratexia para unha colaboración con F. Santoro durante a conferencia Chiroptics 2017.
- **Manuscrito UCAs,** Resultados experimentais suficientes para a súa publicación. Redacción do manuscrito en etapa final. **Planificación IV/2017-VIII/2017:** Remate do manuscrito e presentación a ACIE.
- **Manuscrito en colaboración con Aras do TUM:** foi rematado e presentado a JACS, estase á espera da resposta por parte da editorial. **Planificación IV/2017-VIII/2017:** resposta á editorial e correccións se procede para a súa aceptación e publicación.

solicito que:

se me permita a realización das miñas funcións de forma remota de mércores a venres a partir do 16 de Abril do 2017 ata o 15 de Agosto do 2017 para facilitar a conciliación familiar.

José Lorenzo Alonso Gómez 3-IV-2017

